



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES As Mariñas

Avda. da Coruña nº6
15300 - Betanzos
Teléf: 881880254, FAX: 881880274
ies.asmarinas@edu.xunta.es
www.iesasmarinas.net



Prezadas familias, informámosvos que o día 3 de abril publicamos as notas en Abalar ás 18:00 horas. A partir desa publicación comezamos o período non lectivo correspondente a Semana Santa, polo que cesaremos a actividade académica on line ata o 14 de abril martes en que contactaremos cos vosos fillos e fillas para retomar a actividade.

Agardamos máis noticias da Consellería con respecto ao que resta de curso, pero presupoñemos que unha parte será coa modalidade actual pero con contidos novos e avaliáveis, co que sería interesante que todo o noso alumnado tivese acceso á plataforma aconsellada pola propia Consellería que se chama Webex. Se alguén ten dificultades técnicas en conseguilo, debe comunicalo ao titor/a correspondente.

Precisamente queremos que toda a actividade que teñamos que coordinar neste período se faga como ata o momento cos titores/as, que irán marcando a axenda de traballo.

En canto teñamos calquera nova sobre o desenvolvemento do curso, informaremos a través da nosa páxina web, redes sociais e tamén do noso grupo de titoras e titores. Calquera dúbida poden achegárnola sen problema.

Un cordial saúdo.

O equipo directivo.

Betanzos, 2 de abril de 2020